

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2010.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D. José Manuel González Alvarez
D^a Ana Maria Abad López
Secretario:
D. Luís M^a Fernández del Olmo.
Excusa a súa asistencia:
D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día 16 de agosto de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 8 de xullo de 2010.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

B.1) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA DE D^a. M^a PILAR BOIX OCHANDO PARA D. GERVASIO FERNÁNDEZ BAÑO.

Vista solicitude de D. Gervasio Fernández Baño con DNI: 33.305.838-K con domicilio en Rúa Golondrina, 4 (27850 Celeiro-Viveiro) de cambio de titularidade de licenza de obra de vivenda unifamiliar en Aldea de Abaixo-Morás, e que na actualidade figura a nome de D^a M^a Pilar Boix Ochando para que figure como novo titular D. Gervasio Fernández Baño.

Visto así mesmo que con fecha 7 de abril de 2008 expedíuse a Licenza Municipal de obra de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo-Morás.- Polígono 7, parcela 121-B. Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo-Morás.-Polígono 7, parcela 121-B, para que sexa substituído como titular D. Gervasio Fernández Baño con DNI: 33.305.838-K

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.2) SOLICITUDE DE D. JOSE MARIO COCIÑA BEN, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN PORTOCELO S/N-XOVE.(LUGO).

Vista solicitude formulada por D. Jose Mario Cociña Ben con D.N.I. nº33.814.798-Z con domicilio en A Vara, 8 (27877 Xuances) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Portocelo S/N (Portocelo).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras para as que se solicita licenza de Primeira utilización, o seguinte:

- *EXPEDIENTE: 2728/10*
- *Solicitante: D. José Mario Cociña Ben.*
- *Edificacion: Vivenda Unifamiliar*

- *Situación: Portocelo s/n-Xove.(Lugo).*
- *Data Licenza: 31 de outubro de 2006*
- *Prorroga Licenza 11 de outubro de 2006*
- ***Obra Prevista En Proxecto:*** *Edificio para vivenda unifamiliar en Portocelo.- Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa.*
- ***Obra Executada:*** *Vivenda unifamiliar composta de, planta baixa, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.*

CERTIFICA: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal. A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de aplicación. -Solo non Urbanizable de Núcleo Rural. - A obra executada, adáptase a Normativa. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza De Primeira Utilización.

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Portocelo S/N (Xove) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.
- 2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.
- 3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 190,92€.
- 4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.3) SOLICITUDE DE D^a VANESSA FERNANDEZ FRAGA E D^a COVADONGA FERNANDEZ FRAGA RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE MURO PARA PECHE EN FINCA SITA EN SAN CRISTOBO - PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D^a Vanessa Fernández Fraga e D^a Covadonga Fernández Fraga con D.N.I nº: 76.595.232-V con domicilio en San Cristobo, 13 (27877 Portocelo), para realización de obras de Construcción de muro de peche para finca sita en San Cristobo. Expediente: 2740/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable De Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de San Cristovo.*

- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.*
- *O peche que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.*
- *Farase a Construcción en mampostería concertada ou bloque de formigón branco ou pintado en branco.*
- *En calquera dos casos a Construcción deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio rural no que se localiza.*
- *Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.*
- *As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais adaptándose as prescricións municipais.*
- *Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.*
- *De acordo coas especificacións anteriores, e sen perxucio de terceiros, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE BEGASA, RELATIVO A DESVIO DAS INSTALACIÓNS ELECTRICAS AFECTADAS CO MOTIVO DAS OBRAS DA V.A.C. DA COSTA NORTE, TREITO: CELEIRO-SAN CIBRAO. TRAMO V.A.C Ó PASO POLO TERMO MUNICIPAL DE XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Andrés Lema Martínez con D.N.I.-52.458.722-T, en representación de: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A. con CIF A-3300198, con

domicilio en Avda. de Ferrol, 5 Entresuelo (27850 Viveiro), para realización de obras de desvío das instalacións eléctricas afectadas co motivo das obras da V.A.C. da Costa Norte, Treito: Celeiro-San Cibrao. Tramo V.A.C ó seu paso polo Termo Municipal de Xove. Expediente:2292/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se aporta, suscrita polo Inxeniero Técnico industrial D. Juan Carlos Vázquez Gómez, colexiado nº 352, o trazado previsto e a Parcela en que se ubicarán as instalacións que se pretenden, encóntranse ubicadas dentro de Solo municipal de Xove, parte das instalacións que se pretenden, dentro de Solo de Protección de Infraestruturas, e o resto en terreos calificados como solo de Protección Ordinaria, de acordo coa vixente Normativa municipal do Concello de Xove. Artigo 92 das Normas Subsidiarias.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *A área municipal afectada por estes traballos, se executarán no que a obra civil se refire de acordo co as obrigadas prescricións dos servizos técnicos municipais.*
- *Unha vez executados os traballos previstos, na súa totalidade, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.*
- *Co obxecto de poder garantir o perfecto estado das propiedades municipais afectadas por estes traballos deberase constituír aval bancario por o valor dos traballos de reposición de ditas zonas, que de acordo coas medicións e valoracións do proxecto presentado, correspondente a obra civil e eléctrica soterrada, resultaría un valor total de: 13.289,42€.*
- *De acordo co exposto anteriormente, e o amparo no desposto no Artigo 33.F da L.O.U.P.M.R.G, infórmase favorablemente as obras que se solicitan, nas condicións establecidas no proxecto que se aporta, con independencia dos permisos que sexan necesarios doutras Administracións.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 12.195,67€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 243,91€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 3 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5)SOLICITUDE DE MIEU PROMOCIONES Y EDIFICACIONES S.L PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE VIVENDAS SITO EN C/ AVDA DIPUTACION Nº 69. –XOVE.

Vista solicitude formulada por Mieu Promociones y Edificaciones S.L con domicilio en lugar dos Chaos, 3 (27850 Chavín-Viveiro) na que pide a expedición de certificación de

Licenza de Primeira Ocupación, para edificio de sótano, planta baixa, tres plantas altas e atico para 15 vivendas.-trasteros, garaxe e locais sen uso asignado en C/ Avda Diputación nº 69. –Xove.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- *Asunto: Solicitud de licenza de 1ª Utilización*
- *Solicitante: Mieu Promociones y Edificaciones S.L*
- *Exped. Obra: 2858/06*
- *Exped. Licenc. 1º Utilización: 2780/10*
- *Edificación: Edificio de sotano, planta baixa, catro plantas altas e baixo cuberta para 15 vivendas.-trasteros, garaxe e locais sen uso asignado.*
- *Situación: C/ Avda Diputación nº 69. -xove*
- *Arquit. Autor: D. Jaime Carballeira Paz y D. Jorge Etcheverria Mazaira.*
- *Arquit. Director: D. Jaime Carballeira Paz y D. Jorge Etcheverria Mazaira.*
- *Arquit. Tecnico: D. Pablo Dorado Lanza*
- *Data Licenza: 11 de octubre de 2.006*
- *Obra Prevista No Proxecto Basico: Edificio para 16 vivendas, locales sin uso asignado, garaxes e trasteiros.*
- *Obra Prevista No Proxecto De Execucion: Edificio para 16 vivendas, locales sin uso asignado, garaxes e trasteiros*
- *Cambio de Nº de Vivendas: Das 16 vivendas previstas inicialmente, executáronse 15, toda vez que na planta cuarta, solo se construíron 3 ,(uníndose a vivienda A e B), mentras que no resto das plantas fixéronse 4 por planta.*

Esta diminución de unha vivenda non influeu no volumen e superficie do inmovible, que se adapta a licenza outorgada..

- *Obra Executada: 15 Vivendas con garaxes e trasteros totalmente executadas e en condicións de habitabilidade, sen variación de volume e superficies con respecto da licenza otorgada, según se especifica nos planos de estado definitivo das obras firmado polos técnicos autores do proxecto, e directores da obra.*

Informe.

1º.-De acordo cos proxectos de estado definitivo aportados firmados polos Arquitectos Directores, D. Jaime Carballeira Paz e D. Jorge Etcheverria Mazaira, as obras encóntranse realizadas de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2º.-Asimesmo, se certifica que o volume e condicións da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

3º.-No Baixo cuberta se encontran compartimentadas ambas las duas zonas de fachadas, habilitada a zona posterior como trasteiros, e sin definir a zona de fachada principal. Ambas duas zonas estarán destinadas única e exclusivamente a trasteiros, e en ningún caso poderán constituirse como vivenda.

4º.-De acordo co a documentación que se aporta, a edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. ordenanza de aplicación. –Solo Urban.-Artigo 92.- Ordenanza 2ª Extension de casco urban. -Parámetros urbanísticos aplicables:

<i>Fachada mínima.....</i>	<i>8,00metros. -</i>
<i>Altura do edificio.....</i>	<i>B+4</i>
<i>Altura de cornisa.....</i>	<i>16,60m.</i>

Achégase a documentación pertinente:

- 1º.-Acta de reformulo
- 2º.-Certificado final de obra subscrita polos seus técnicos directores.
- 3º.-Solicitud de alta no Catastro.
- 4º.-Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a Normativa, asinada polos técnicos directores da obra.
- 5º.-Fotografías do inmovible.

15 Vivendas totalmente executadas, rematadas interiormente, e revestidas exteriormente, na súa fachada principal, e de acordo coa documentación que se aporta, pódese outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

- PRESUPUESTO EXECUCION MATERIAL DEFINITIVO: 775.000,00Euros
- VALORACION LICENCIA PRIMEIRA UTILIZACION 0,5% S/P 3.875,00 Euros.
- LIQUIDACION RESULTANTE..... 3.875,00 Euros.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación do *Edificio de sotano, planta baixa, catro plantas altas e baixo cuberta para 15 vivendas.-trasteros, garaxe e locais sen uso asignado* en c/ Avda Deputación nº 69. –Xove, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 3.875,00 €.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.6) SOLICITUDE DE D. JESUS CASABELLA LAGE RELATIVO A MOVEMENTO DE TERRAS (DESMONTE) PARA ACONDICIONAMENTO DE ENTORNO DE VIVENDA EN REGOSANGUENTO-RIGUEIRA.

Vista solicitud formulada por D. Jesús Casabella Lage, con D.N.I nº: 33.816.519-X con domicilio en Regosanguento, 3 (27879 Rigueira), para realización de obras de movemento de terras para acondicionamento do entorno da vivenda sita en núcleo de Regosanguento nº 3.-Rigueira.-Xove. Polígono 71 Parcela 9000.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

- 1º.-*De acordo coa documentación achegada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse parte delas dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo rural, e outra parte en solo rústico de protección agropecuaria, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove; adscrita á vixente Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Protección do medio rural de Galicia.*
- 2º.-*Por parte de estes servizos técnicos pódese otorgar licencia de movemento de terras, tanto en solo de núcleo rural coma na zona de protección agropecuaria, ao amparo do disposto no artigo 37 da lei 2/2010 de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- O movemento de terras adaptarase por completo ao solicitado.
- Acompañase documentación catastral a escala 1/2000 coa delimitación da área delimitada como de Núcleo rural, quedando claramente definida a zona que dispoñerá de licencia de movemento de terras.
- Durante a realización dos traballos, deberá estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil.
- El ámbito da zona de traballo e acceso a este dende viais municipais deberá estar perfectamente limpo.
- A saída de camións a viais públicos deberá estar perfectamente sinalizado así como perfectamente limpa esa área de circulación, tanto durante a execución dos traballos como ao finalizalos.
- Infórmase favorablemente o movemento de terras que se solicita, nas condicións antes apuntadas.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.7) SOLICITUDE DE D. JOSÉ MARIO COCIÑA BEN, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE GARAXE EN A VARA-XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. José Mario Cociña Ben con D.N.I nº: 33.814.798Z con domicilio en A Vara Nº 8.- (27877 Xuances), para realización de obras de construción de garaxe de 24,00m² en A Vara, 8 (Xuances). Polígono 13. Parcela 2. Expediente: 2486/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non Urbanizable de núcleo rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de A Vara.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77

da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, pódese outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado e cos condicionantes que se especifican no presente informe: **Construcción dunha edificación auxiliar coma garaxe da edificación principal.**

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, no que á súa Construcción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire.*
- *Condicións de edificación:*
 - *Bloque de formigón branco ou pintado.*
 - *Cuberta de lousa.*
 - *Carpintería exterior de aluminio ou madeira.*
- *Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 3 metros.*
- *Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.*
- *Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.*
- *Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.200,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 24,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.8) SOLICITUDE DE D. EMILIO GONZALEZ CANOURA. RELATIVO A SUSTITUCION DA CUBERTA DE COBERTIZO EN PARCEIROS Nº3.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Emilio González Canoura con D.N.I nº: 33.705.494-Y con domicilio en Parceiros nº3.-(27870 Xove) para realización de obras de sustitucion

da cuberta en cobertizo sito en Parceiros Nº3.-Xove. Polígono 38, Parcela 139.
Expediente: 2545/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *As obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subsrita pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo non Urbanizable común. Artigo 104. -Normas subsidiarias do Concello de Xove.*
- *Gondar-Xove Artigo 32.1 da lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *Solo rústico de protección ordinaria.*
- *Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.*
- *Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta, pódese conceder a licenza que se solicita.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptarase á tipoloxía do ámbito.
- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volumen nin afectarán a elementos estruturais da edificación.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade.
- Previo ao inicio das obras solicitácese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600,00€ salvopresentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.9) SOLICITUDE DE D. JORGE PERNAS ABAD RELATIVO A LUCIDO EXTERIOR DAS FACHADAS DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN CASTELO Nº 2.-XUANCES -XOVE

Vista solicitude formulada por D. Jorge Pernas Abad con D.N.I nº: 33705633-F con domicilio en Castelo, 2 (27877 Xuances) para realización de obras de lucido exterior das fachadas dunha vivenda unifamiliar en Castelo Nº 2.-Xuances –Xove. Expediente: 2553/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non Urbanizable de núcleo rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de Castelo. Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a edificación que se pretende remozar, ubícase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos, nos espazos exteriores, deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións obrigatorias, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, dispoñerá do correspondente Seguro de Responsabilidade civil.
- O ámbito da edificación, polo posible depósito de entullos deberá quedar perfectamente limpo.
- Deberáns satisfacer as taxas correspondentes por ocupación da vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento, ao solicitado. Así mesmo, ditas obras non poderán incidir negativamente nin variar as condicións de habitabilidade do edificio, de acordo co vixente Regulamento.
- Habida conta, que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, terán consideración de obra menor e polo súa condición de obras de

acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume da edificación existente.

- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras, como vial.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 6.580,00€.-s/vo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 131,60€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.10) SOLICITUDE DE D. JOSE ALVAREZ OTERO RELATIVO A REPARACION E AMPLIACION DE 42 METROS DE EDIFICACION AUXILIAR EN BARXA Nº 1.-LAGO.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. José Álvarez Otero con D.N.I nº: 33.706.161-Y con domicilio en Barxa Nº 1.-(27870 Lago.-Xove) para realización de obras de Barxa Nº 1.-Lago.-Xove. Polígono Nº 10.-Parcela 1062.

Expediente: 2570/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, suscrita pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas subsidiarias do Concello de Xove. A BARXA.-LAGO.-Xove Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio de 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación que se pretende arranxar e ampliar, pódese conceder a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptárase á tipoloxía do ámbito.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004

do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.

- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitáse a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.000,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 60,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.11) SOLICITUDE DE D. TOMÁS SOTO LÓPEZ RELATIVO A REPARACION DA CUBERTA DE GALPÓN EN CRUCEIRO Nº 29.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Tomás Soto López con D.N.I nº: 33.304.140-W con domicilio en Cruceiro, 29 (27877 Xuances), para realización de obras de reparación da cuberta de galpón en Cruceiro Nº 29.-Xuances. Polígono 21 Parcela 23. Expediente: 2605/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo interesado, sitúase dentro do zona delimitada como Solo non urbanizable de Núcleo rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas subsidiarias do Concello de Xove. Núcleo de O Cruceiro.-Xove. Artigo 24 da lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño de 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta, pódese conceder a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptárase á tipoloxía do ámbito.*
- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, diferentes dos de cuberta, nin supoñerán aumento de volume.*
- *Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*
- *A cuberta deberá ser de pizarra.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras, como vial.*
- *Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 5.300,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 106,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.12) SOLICITUDE DE D^a NURIA FERNÁNDEZ PÉREZ, RELATIVO A ARRANXO DE MURO EN CRUCEIRO Nº 42.-XUANCES.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Nuria Fernández Pérez con D.N.I nº: 77.595.576-Q con domicilio en Cruceiro, 42 (27877 Xuances), para realización de obras de relativo a arranxo de muro, revestindo o mesmo con imitación de pedra en Cruceiro nº 42.-Xuances.-Xove. Polígono Nº 21.-Parcela Nº 144.- Expediente:2724/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non Urbanizable de núcleo rural, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG.

